



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación, Cultura e Deportes  
Expediente: 202000008135

## RESOLUCIÓN Nº 32461 DO 22/10/2020 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN 2020-ÁREA DE CIENCIAS DA SAÚDE

Don **Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia n.º 26276, do 04 de setembro de 2020, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas de investigación 2020-Área de ciencias da saúde, e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se for o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido se presentaron as seguintes desistencias e alegacións:

\*Con data 20/09/2020 **Rocío Seoane Abelenda** presentou un escrito desistindo da súa solicitude da bolsa, que tiña adxudicada de xeito provisional, por incompatibilidade, polo que a bolsa se adxudica á primeira suplente, **Miriam Morente López**.

\*Con data 10/09/2020 **Lucía Bada Díaz** presentou un escrito solicitando o desglose da puntuación obtida no curriculum. Con data 16/09/2020 o tribunal emitiu informe co desglose da puntuación do apartado do curriculum, o que notificouse a interesada con data 17/09/2020. Nesta mesma data presentou un novo escrito solicitando que se revise novamente a súa puntuación tendo en conta as alegacións presentadas. Con data 28/09/2020 o tribunal emitiu informe contestando ás alegacións e confirmando a puntuación acadada por Lucía Bada Díaz , o que foi notificado á interesada con data 29/09/2020.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

### RESOLVO:

**1.- Aceptar** a desistencia da solicitude presentada por Rocío Seoane Abelenda.

**2.- Desestimar** as alegacións presentadas por Lucía Bada Díaz.

**2.- Conceder definitivamente** as bolsas ás seguintes persoas:

**Titular da bolsa:** DE OLIVEIRA DIZ, TADEU

NIF:\*\*\*4486\*\*

Expediente: 2020000023105

Título do proxecto obxecto da bolsa: p107 e sus implicacións na homeostasis enerxética

Importe da bolsa: 8.000 €

**Titular da bolsa:** MARTÍNEZ REGUEIRO, ROCÍO

NIF: \*\*\*7534\*\*

Expediente: 2020000020229

Título do proxecto obxecto da bolsa: A cognición social como cribado do síndrome cognitivo-afectivo nas ataxias espinocerebelosas e outras patoloxías cerebelosas

Importe da bolsa: 8.000 €

**Titular da bolsa:** MORENTE LÓPEZ, MIRIAM

NIF: \*\*\*1929\*\*

Expediente: 2020000020288

Título do proxecto obxecto da bolsa: Terapia libre de células con micro-ARN e exosomas para o tratamento da inflamación crónica mediante un modelo animal de artrose

Importe da bolsa: 8.000 €

**3.- Dispor o gasto** das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación nº 220200018503, por importe de 24.000 €.

**4.- Nomear suplentes** ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Bada Diaz, Lucía

Suplente 2: Bouzaher Yanis Hichem

Suplente 3: García Yuste, Alejandro

Suplente 4: Costa Fraga, Nicolas

Suplente 5: Valle Cao, Alejandra

**5.- Publicar** a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.